FORMAS BREVES, OUTRAS, 25



8 Charles Sandison. *Living Rooms*

Charles Sandison

Haltwhistle, Reino Unido, 1969); vive e traballa en Tampere, Finlandia

Living Rooms, 2001

[Salas de estar]

Videoproxección en 6 canles

Cortesía do artista e da Colección Billarant

"No pensamento todo ten algo molecular. Pequenas masas. Aparición, desaparición de pequenas masas. Masas en perpetuas asociacións, disociacións, neoasociacións, máis que rápidas, case instantáneas"[1].

Ao escribir sobre a obra de Charles Sandison, vén á cabeza esta cita de Henri Michaux. Trátase dunha forma fragmentada de escribir, unha *forma breve*. A poética "escritura luminosa" de Sandison conséguese grazas á tecnoloxía, a códigos de programación informática. Fragmentos de palabras en movemento dentro dun espazo específico (cada unha das pezas de Sandison adáptase *in situ*, neste caso á arquitectura do MARCO). *Living Rooms* (2001) utiliza unha linguaxe reducida, limitada a unhas poucas palabras. O seu vocabulario existencialista consta de: "masculino", "feminino", "comida", "pai", "neno", "vello", "morto". Nun espazo escurecido —un ambiente no que se somerxe, literalmente, o espectador— as palabras proxectadas móvense polos dous muros e o teito. Forman grupos, superpóñense ou van á deriva en direccións opostas: as palabras actúan e reaccionan entre elas, dando como resultado unha complexa narrativa visual. Así, tanto o espazo entre as palabras como o seu movemento contribúen á composición do relato. Nun xogo entre significante e significado, as palabras —entendidas como bloques de construción que forman unha cadea de asociacións— asumen a súa propia "vida artificial".

Mentres os programas informáticos simulan a natureza, aquí Sandison bebe de varias fontes en busca de inspiración para as súas obras, entre as que se atopan textos literarios, filosóficos, científicos e políticos, dende a edición integral de 1991 de *Encyclopædia Britannica* ata *Locus Solus*, de Raymond Roussel. Malia o seu marco textual, a obra de Sandison escapa a calquera significado preestablecido:

"En ocasións tento visualizar a viaxe dunha palabra que deixa os labios dun falante e se dirixe cara a un oínte, ou imaxino, cando estou nunha biblioteca pública, que os libros murmuran. Vénme á cabeza a imaxe dunha grande bandada de paxaros, que se moven sen rumbo aparente, pero que dalgún modo, se apañan para non chocar. O espazo físico e o baleiro entre as palabras substitúen aos pronomes e aos verbos. Utilizo esta articulación entre significado, palabra e espazos intermedios como medio para escapar do poder autoritario da linguaxe".

Charles Sandison

[1] Henri Michaux, *Las grandes pruebas del espíritu y las innumerables pequeñas*, Tusquets, Barcelona, 1985, citado en Alain Montandon, *Les formes brèves*, París, Hachette, 1992, p. 155.